

**ACONDICIONAMENTO DA  
ESTRADA PO-235.  
3ª FASE**

**CLAVE: PO/19/127.10**

**1. Obxecto da Actuación**

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a definición das actuacións necesarias para mellorar as condicións de circulación e incrementar a seguridade viaria da estrada PO-235 entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 18+100 (núcleo de Seixido) e 25+000 (límite da provincia), no concello da Lama, provincia de Pontevedra.

**2. Plan de Estradas**

A estrada PO-235 pertence a rede local das estradas convencionais da Xunta de Galicia.

**3. Descrición da Actuación**

As obras contempladas consisten na ampliación da plataforma ata acadar un ancho de 7,00 m (dous carrís de 3,00 m e dúas beiravías de 0,50 m) e a mellora do trazado en distintas curvas ao longo do treito de actuación.

**4. Características técnicas****Sección tipo:**

Carrís 2 x 3,00m  
Beiravías 2 x 0,50 m  
Bermas, nas zonas de terraplén de 0,50 m

**Firmes e pavimentos:**

- *En treitos de ampliación da plataforma:* capa granular de 20 cm de grava, rega de imprimación con emulsión tipo C50BF 4 IMP, rega semiprofunda con emulsión tipo C569B3, capa de regularización de 7 cm de MBQ tipo AC 22 BIN BC 50/70 S, rega de adherencia con emulsión tipo C60B3 e capa de rodadura de 3 cm de MBQ tipo BBTM 11A BC 50/70.

- *En treitos de rectificación do trazado:* capa granular de 20 cm de saburra artificial, capa base de 7 cm de MBQ tipo AC 22 BIN BC 50/70 S e capa de rodadura de 3 cm de MBQ tipo BBTM 11A BC 50/70 coas respectivas regas de imprimación e adherencia.

**Drenaxe:**

Nos treitos nos que non se modifica o trazado executaranse as actuacións necesarias para evitar danos o novo firme (solucións para filtracións e achegas de auga subterránea), e nos treitos onde se modifica o trazado proxectase un tubo de dren baixo gabias de PVC de 400 mm de Ø e zanxas drenantes transversais nos novos desmontes.

Reporanse os elementos da drenaxe existente e reforzarase con novos elementos, tubos de formigón de 60 cm de Ø, baixantes prefabricadas nos puntos de desaugue e arquetas de formigón nos puntos de recollida da rede lonxitudinal cara ás ODT's.

Reporanse aquelas ODT afectadas pola ampliación da plataforma, construíranse novas ODT e acondicionaranse a entrada e saída das obras de drenaxe que se vexan afectadas.

**Estruturas:**

Executaranse tres marcos de drenaxe nos pp.qq 18+320 (4x4x45 m), 18+970 (2x2x60m) e 23+830 (5x2x70 m).

**5. Poboación Servida**

A Lama 2.499 hab.

**TOTAL: 2.499 hab.**

**6. Concellos Afectados**

A Lama

**7. Expropiacións**

Parcelas afectadas 150 (47.905,70 m<sup>2</sup>) no concello da Lama

Expropiación Terreos	256.774,55 €
Bens afectados	21.195,00 €
Premio de afección 5%	13.898,48 €
Total	291.868,03 €

**8. Prazo de execución**

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

**9. Orzamentos**

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	3.473.245,99€.
Orzamento expropiacións	291.868,03 €
Orzamento Servizos afectados	77.900,00€.
Orzamento Vixilancia Ambiental	31.755,41 €
Orzamento Seguimento arqueolóxico	3.500,00 €
Orzamento para coñecemento da administración:	3.878.269,43 €.

**10. Orzamentos por concello**


<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
A Lama	519.691,55 €	100

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIÓNS TIPO

SECCIÓN TIPO TRONCO EN CURVA  
ESCALA 1:100



SECCIÓN TIPO TRONCO EN RECTA  
ESCALA 1:100



ESCALA 1:100

